



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CANDIDATA A GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO “GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GOLFO ÁRTABRO SUR” PARA A ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NO PERIODO DE PROGRAMACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020

COMPARECEN

Dunha parte a Sra., Conselleira do Mar, actuando en nome e representación da mesma Consellería, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra, a asociación candidata a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, denominada *Asociación Grupo de acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Sur”* (en adiante, candidato a GALP), con sede na Avenida do, no concello de código postal, provincia da Coruña, e con, representada polo seu presidente, , nomeado por acordo do órgano competente da asociación segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 19 dos seus Estatutos.

As dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente Convenio de Colaboración.

En Santiago de Compostela a 28 de outubro de 2016

EXPOÑEN

PRIMEIRO

Que o Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, establece no Título III, Capítulo II que o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) se levará a cabo a través de estratexias de desenvolvemento local integradas, multisectoriais e baseadas en zonas.

SEGUNDO



Que o Regulamento (UE) 508/2014 (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, establece nos artigos 58 a 64 o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras e acuícolas.

TERCEIRO

Que o Acordo de Asociación que foi presentado por España á Comisión Europea con data 22 de abril e asinado o 30 de outubro de 2014 en relación co Desenvolvemento Local Participativo, no caso do FEMP inclúe os retos a afrontar, os obxectivos e prioridades, as zonas de actuación e tipos de territorio, o enfoque integrado e o marco do procedemento para a selección de grupos de acción local do sector pesqueiro.

CUARTO

Que o Programa Operativo de España para o FEMP, que foi presentado á comisión europea o 22 de xaneiro de 2015, inclúe a información sobre a aplicación das estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP).

QUINTO

Que o 16 de setembro de 2016, por resolución da Conselleira do Mar, a *Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro “Golfo Ártabro Sur”* resultou seleccionada como candidata a GALP, cun territorio de actuación que comprende os municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo e cun financiamento indicativo de 22.000€, segundo o establecido no apartado 1º do artigo 14 da orde do 6 de abril de 2015 (DOG nº 71, do 16 de abril de 2015), pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

SEXTO

Que a Orde de 6 de abril de 2015 prevé, no seu artigo 15.4, a sinatura dun convenio de colaboración cos distintos candidatos seleccionados a grupos de acción local do sector pesqueiro.

SÉTIMO

Que o artigo 35.1.a) do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, contempla o apoio ao desenvolvemento local participativo, baixo a denominación de “axuda preparatoria”, non tendo esta a consideración de subvención pública á organización candidata, de acordo co artigo 15. 2 da Orde de 6 de abril de 2015.

OITAVO

Que a celebración do presente convenio de colaboración deberá publicitarse conforme ao establecido no artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública Galega.

NOVENO



Que, polo exposto, as partes acordan celebrar o presente convenio de colaboración subscribíndoo conforme as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO CONVENIO

A Consellería do Mar e a Asociación candidata á GALP subscriben o presente convenio de colaboración para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira.

SEGUNDA.- CARÁCTER DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa, de conformidade co previsto no artigo 4.1º.d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e, en consecuencia, o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

En relación coa Comunicación interpretativa da Comisión Europea 2006/C 179/02, hai que sinalar que a realización deste traballo non crea distorsión no funcionamento do mercado interior, xa que o seu obxecto non encerra potencialmente interese para os operadores económicos nacionais ou doutros estados membros dada a súa escasa incidencia económica.

Por outra banda O Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, establece que os grupos de acción locais son os que concibirán e porán en práctica as estratexias, cumpríndose así o esixido polo artigo 11.2 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

TERCEIRA.- DURACIÓN

O presente Convenio de Colaboración entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata a aprobación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo pola Conselleira do Mar.

CUARTA.- DEREITO Á “AXUDA PREPARATORIA”

A Asociación candidata a GALP ten dereito á percibir unha “axuda preparatoria” polo importe fixado no Anexo I deste convenio para a elaboración da súa estratexia de desenvolvemento local participativo. Dita “axuda preparatoria” non ten a consideración de axuda pública.

Para efectuar o pagamento total ou parcial, a medida que se vaian executando accións para a elaboración da estratexia, a entidade deberá achegar a seguinte documentación:

1. Certificados que acrediten que a entidade está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais e que non ten débedas pendentes de pagamento coa



Xunta de Galicia, ou ben consentimento expreso para que a consellería obteña dos organismos competentes estes certificados.

2. Certificación acreditativa das accións realizadas no período para a elaboración da estratexia, asinada polo secretario/a da entidade e co visto e praxe do presidente/a.
3. Factura emitida a nome da Consellería correspondente ás accións realizadas para a elaboración da estratexia, na que deberá figurar desglosado o IVE.

Os pagos efectuaranse unha vez cumpridos os requisitos mencionados, e sempre previa certificación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A consellería efectuará o control que considere necesario a través dos seus propios medios.

QUINTA.- OBRIGAS DA ASOCIACION CANDIDATA Á GALP

A Asociación deberá:

- a) Elaborar unha estratexia de desenvolvemento local participativo da súa zona de actuación conforme á metodoloxía, estrutura e os contidos mínimos fixados como Anexo II deste Convenio.
- b) Entregar á Consellería do Mar a súa EDLP no prazo fixado por acordo da directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tras a sinatura do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por:

- a) Por parte da Consellería do Mar, pola subdirectora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a xefa do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, ou persoas que as substitúan
- b) Por parte da Asociación candidata, pola persoa designada a tal efecto.

Dita comisión terá as seguintes funcións:

- Velar polo axeitado desenvolvemento da colaboración establecida entre ambas institucións; en particular o seguimento das distintas actuacións da asociación candidata encamiñadas a formular una EDLP completa e de calidade dentro dos prazos establecidos pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.
- Resolver as dúbidas e posibles controversias que poidan xurdir.
- Avaliar o desenvolvemento dos traballos da Asociación candidata de cara a asegurar o total cumprimento do Convenio.

SÉPTIMA.- SOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Ambas as dúas partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento desde convenio. No caso de cuestións litixiosas, estas someteranse ao coñecemento da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, renunciando expresamente o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro a calquera outro foro que puidese corresponderlles.



En proba de conformidade co que antecede, asínase este convenio por triplicado no lugar e data sinalados ao principio

Asinado por:

A conselleira do Mar

PD A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

(Orde 30 de marzo de 2012, DOG núm.70 do 12 de abril,

Disposición adicional sexta. Decreto 129/2015,

DOG núm. 194 do 9 de outubro de 2015)

Presidente da asociación



ANEXO I
“AXUDA PREPARATORIA” PARA A ELABORACIÓN DUNHA EDLP

ASOCIACIÓN	NIF	IMPORTE (€)
GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO “GOLFO ÁRTABRO SUR”	G70454657	22.000,00



ANEXO II

ESTRUTURA E CONTIDO DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP)

1. DATOS DO GRUPO

1. Datos identificativos do grupo

Denominación	
NIF	
Dirección	
Teléfono	
Fax	
Enderezo electrónico	
Representante legal	
NIF do representante	



2. Relación de asociados

DENOMINACIÓN DA ENTIDADE	NIF	DOMICILIO SOCIAL	NOME REPRESENTANTE	SEXO	SECTOR	TIPO DE ENTIDADE	DATA CONSTITUCIÓN	NUMERO ASOCIADOS	DATA ADHESIÓN
1									
2									
3									
4									
5									
6									
7									
8									
9									
10									
11									
12									
13									
14									
15									
16									
17									
18									
19									
20									



3. Composición da xunta directiva

	NOME E APELIDOS	NIF	DOMICILIO	POSTO QUE OCUPA NA ASOCIACIÓN	SECTOR	ENTIDADE A QUE REPRESENTA	SEXO
1				PRESIDENCIA			
3				VICEPRESIDENCIA			
4				SECRETARÍA			
5				TESOURERÍA			
6				VOGAL			
7				VOGAL			
8				VOGAL			
9							
10							
11							
12							
13							
...							



4. Datos resumo do grupo

	Nº	% representación
Entidades socias		
Entidades que representan ao sector pesqueiro		
Entidades que representan ao sector social		
Entidades que representan ao sector económico		
Entidades que representan ao sector público		
Mulleres na xunta directiva		

Resumo de representacións	% dereitos de voto na Asemblea Xeral	% dereitos de voto na xunta directiva
Sector pesqueiro		
Sector público		
Sector social		
Sector económico		

2. DEFINICIÓN DA ZONA PESQUEIRA

1. Delimitación do territorio

Relación de municipios	Poboación	Superficie do municipio (kms ²)
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
TOTAL		

1. Incluirase un **mapa** da zona e a xustificación da coherencia xeográfica, económica, social e cultural.

--



2. Resumo de **datos** sociodemográficos, económicos e culturais

Municipios	
Superficie (km2)	
Poboación	
Densidade poboación	
Evolución da poboación (1999-2013)	
Renda dispoñible bruta por habitante	
Indicador municipal de renda dos fogares	
Índice de envellecemento	
Peso do sector pesqueiro (en relación coa poboación ocupada e/ou actividade económica)	

3. ANÁLISE DIAGNÓSTICA

1. Ámbitos do diagnóstico, metodoloxía de traballo e fontes de información

1. Ámbitos do diagnóstico. Determinar os ámbitos do diagnóstico que imos a abordar: o territorio, o marco temporal e os elementos sectoriais de análise:

Caracterización do espazo	• Unidades territoriais e marítimas • Sistemas e vías de comunicación.
Demografía	• Poboación e distribución territorial • Análise de evolución, envellecemento, densidade, dependencia, etc. en función de xénero e idade.
Mercado laboral	• Tipoloxía de contratación e evolución • Poboación laboral activa e desempregada • Características da contratación segundo actividade e territorio.
Estrutura económica e empresarial	• Tipos e caracterización das actividades económicas • Evolución e caracterización do tecido empresarial
Datos do sector pesqueiro	• Número e caracterización das flotas, portos e artes • Evolución de emprego xerado • Caracterización do sector pesqueiro e produción do sector • Tipoloxía de produtos comercializados e canles e distribución • Iniciativas de innovación
Datos do sector do turismo	• Caracterización e distribución dos aloxamentos e prazas • Caracterización do sector de restauración e hostalería
Patrimonio medioambiental	• Catálogo dos recursos e caracterización dos mesmos. Hábitats costeiros de importancia para os recursos biolóxicos mariños.
Patrimonio cultural	• Catálogos dos recursos (materiais e inmateriais) e caracterización



Programas ou actuacións de carácter estratéxico

- Repertorio de normas ou medidas estratéxicas que teñen relación co territorio

2. Metodoloxía de traballo. Describir sucintamente o proceso de investigación realizado aclarando, a metodoloxía de traballo e as técnicas empregadas.

--

2. Diagnóstico da zona pesqueira (Análise DAFO) e Delimitación das principais necesidades do territorio

1. Metodoloxía **DAFO**, recollendo as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do GALP centrándose nas peculiaridades da zona. Expoñerase de maneira clara a información diferenciando os principais ámbitos temáticos, numerando cada un dos factores. Realizarase unha diagnose participativa (grupos, talleres, foros,...), apoiándose tamén noutras fontes e información do conxunto do diagnóstico (análise documental e de fontes primarias). Identifícaranse as **necesidades da zona** en función dos ámbitos definidos no diagnóstico.

Debilidades	Ameazas	Fortalezas	Oportunidades	Necesidades
Ámbito 1. ...	Ámbito 1. ...	Ámbito 1. ...	Ámbito 1. ...	

3. Conclusións sobre a situación actual da zona pesqueira

Principais conclusións obtidas do diagnóstico, tendo en consideración a análise do territorio, o DAFO e abordando os elementos sectoriais da análise, e as necesidades da zona. Retos aos cales se propón dar resposta coa estratexia.

--

4. MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA EDLP

1. Describir a misión da estratexia

1. É a meta xeral que actuará como último referente da actuación da entidades. A súa descrición debe ser breve e non superar as dúas liñas.

--



2. Describir a visión da estratexia

1. É o que pretende ser o GALP no futuro. A súa descrición debe ser breve e non superar e non superar as dúas liñas.

3. Identificar os valores da organización

1. Enumerar un parágrafo que defina os valores da organización, ou ben indicar os que vai a asumir esta, e describilos sucintamente.

5. PLAN DE ACCIÓN

1. Obxectivos estratéxicos

1. Identificar os principais obxectivos da estratexia, facéndoo de acordo coas orientacións proporcionadas polo FEMP e cos factores externos e internos do diagnóstico. A súa definición debe ser breve e o seu número limitado.

Obxectivo estratéxico 1

- Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción de mocidade, en especial a través do aumento do valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministro dos produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños.

Obxectivo estratéxico 2

- Creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación da economía local das zonas pesqueiras cara novas actividades económicas, entre elas as que ofrece o crecemento azul e os sectores marítimos en senso amplo, favorecendo a formación, a innovación e o fomento do emprego.

Obxectivo estratéxico 3

- Fomento do aproveitamento sostible do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras, incluíndo operacións de mitigación do cambio climático e de transición a unha economía de baixas emisións de carbono.

Obxectivo estratéxico 4

- Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras.

Obxectivo estratéxico 5

- Reforzo das comunidades no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

Obxectivo estratéxico 6

- Fomento da cooperación.



2. Obxectivos específicos

1. Indicar os obxectivos específicos, que deben das resposta ás demandas e necesidades identificadas no diagnóstico. Dependerán xerarquicamente dos obxectivos estratéxicos e identificaranse de forma numérica: 1.1, 1.2, 1.3,... Conterá unha descrición breve do mesmo.

1 Obxectivo estratéxico ...

1.1 Obxectivo específico ...

1.2 Obxectivo específico ...

3. Liñas de actuación

1. Indicar as liñas de actuación, que deben das resposta ás demandas e necesidades identificadas no diagnóstico. Dependerán xerarquicamente dos obxectivos específicos. Expresaranse nunha soa liña ou en dúas como moito.

1 Obxectivo estratéxico ...

1.1 Obxectivos específico ...

1.1.1 Liña de actuación ...

1.2 Obxectivo específico ...

1.2.1 Liña de actuación ...

1.2.2 Liña de actuación ...

4. Medidas

1. Indicar as medidas, as cales dependerán xerarquicamente das liñas de actuación e identificaranse de forma numérica: 1.1, 1.2, 1.3,... Expresaranse nunha soa liña ou en dúas. Se se estima necesario esta información podería agruparse en fichas.

1 Obxectivo estratéxico ...

1.1 Obxectivos específico ...

1.1.1 Liña de actuación ...

1.1.1.1 Medida ...

1.1.1.2 Medida ...

1.2 Obxectivo específico ...

1.2.1 Liña de actuación ...

1.2.1.1 Medida ...



5. Mapa do Plan de acción

1. Reflectirase de maneira gráfica nunha táboa, a estrutura de obxectivos estratéxicos, específicos, liñas de actuación e medidas (estrutura de dependencia xerárquica).

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de Actuación	Medidas
1.	1.1	1.1.1	1.1.1.1
			1.1.1.2
		1.1.2	1.1.2.1
			1.1.2.2

6. Fichas de medidas

1. Realizarse unha presentación das medidas de cada liña de actuación. Para cada medida estableceranse as súas orientacións empregando o seguinte modelo:

Identificación da medida	
Dependencia xerárquica dos obxectivos	
Descrición sucinta do contido da medida	
Potenciais beneficiarios	
Resultados previstos (indicadores)	
Rango de intensidade de axuda	

7. Carácter integrado e multisectorial da estratexia

1. Describir o carácter integrado e multisectorial da estratexia. A estratexia debe responder a un enfoque integrado (reunir á cadea de valor da pesca-produción, transformación e comercialización- con outros actores ou sectores económicos da zona) e multisectorial, de xeito que considere os efectos efectos multiplicadores dos diversos sectores con presenza no territorio.

--

8. Carácter innovador da estratexia

1. Describir os aspectos ou elementos innovadores da estratexia no contexto local e indicar como se fomentará a innovación a escala local.

--



9. Contribución da estratexia á creación de emprego

1. Incidencia que se espera da estratexia sobre o emprego. Medidas para promover o aumento do emprego. Creación de novas oportunidades para mulleres e mocidade.

--

10. Contribución da estratexia á promoción da igualdade entre homes e mulleres e á non discriminación

1. Análise dos problemas de xénero e inclusión social. Mecanismos contemplados para promover á igualdade e non discriminación.

--

11. Contribución ao principio de desenvolvemento sostible

1. Contribución da estratexia á sostibilidade ambiental

--

12. Complementariedade, coordinación e cooperación con outros instrumentos ou intervencións na zona

1. Indicar se existen sistemas de coordinación que garantan unha sinerxía con outros fondos, instrumentos ou políticas territoriais. Describíranse os sistemas que garantan a coherencia da estratexia coas intervencións doutros programas e liñas de axuda que se implanten no territorio, en particular con outros programas de desenvolvemento local de filosofía Leader.

--

13. Redes

1. Indicar as propostas traballo en rede e cooperación con outros grupos locais, nacionais ou da UE.

--



6. PLAN DE FINANCIAMENTO

1. Distribución global de orzamento

1. Indicar o orzamento total co que conta o GALP para o conxunto do período, atendendo á distribución entre custos de explotación e animación e o programa de axudas.

CONCEPTOS	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Total
Custos de explotación e animación (máximo do 25%)						
Custos de aplicación da EDLP (programa axudas)						
Custos totais						

2. Desglosar o orzamento total do GALP para o conxunto do período, atendendo á distribución entre custes de explotación e animación e programa de axudas. A información indicarse por anualidades.

CONCEPTOS			Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5	Total
Programa de axudas	Obxectivo 1	Produtivos (mínimo dun 65%)						
		Non produtivos						
	Obxectivo ...	Produtivos						
		Non produtivos						
	Total	Produtivos (mínimo dun 65%)						
		Non produtivos						
	Total programa de axudas							
Custos de xestión	Custos de explotación							
	Custos de animación							
	Total custos							
Total financiamento FEMP								

2. Plan de financiamento do plan de acción

1. Reflectirase de maneira gráfica nunha táboa, a estimación de orzamento que se lle asignará a cada eixo estratéxico e específico como mínimo, podendo indicar a mesma ata o nivel de medidas. Inclúiranse sumatorios por cada elemento

	Produtivos	Non produtivos	Financiamento Total
Obxectivo estratéxico1			
Obxectivos específicos			
Liñas de Actuación			
Medidas			
Suma por obxectivos específicos			



Suma por obxectivos estratéxicos			
----------------------------------	--	--	--

7. CAPACIDADE DO GRUPO DE ACCIÓN LOCAL

1. Experiencia da asociación en Desenvolvemento Local Participativo, ou dos seus asociados no caso de grupos de nova creación.

--

2. Consignar os espazos de traballo, dotación e equipamentos.

--

3. Recursos humanos e técnicos: Organigrama. Descrición do equipo técnico e xustificación do mesmo en función das características da zona pesqueira, do orzamento e outros factores específicos. Funcións do persoal contratado. Procedemento para a contratación do persoal do equipo técnico baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrência, capacidade, experiencia e non discriminación.

--

4. Capacidade administrativa e financeira do grupo para xestionar e implementar a estratexia. Cualificación do persoal responsable da administración e do control financeiro. Funcións e responsabilidades do equipo xestor.

--

8. DISPOSICIÓNS DE XESTIÓN DA EDLP

1. Xestión interna do GALP

1. Procedementos de traballo e toma de decisións: requisitos e procedementos para a adquisición e perda da condición de asociados, dereitos e obrigas dos socios, mecanismos de participación dos asociados, incluíndo mulleres e mocidade, funcións da asemblea xeral e xunta directiva, convocatorias, dereitos de voto, maiorías, delegacións, procedementos de toma de decisións, grupos de traballo, etc..).

--

2. Relación de medidas de RSC que desenvolverá o GALP.

--



2. Procedementos para a xestión do programa de axudas

1. Indicaranse os límites de porcentaxe de axuda pública (cuantitativos e porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxectos. Estableceranse e xustificaranse os criterios obxectivos adoptados para a valoración, selección e priorización de proxectos do programa de axudas, co obxectivo de fomentar a transparencia e non discriminación na decisión (baremos, regras para a asignación de porcentaxes de axuda pública). Diferenciarse baremos para proxectos produtivos e non produtivos. Indicaranse as regras básicas: puntuación mínima a obter para que un proxecto poda ser subvencionado e a porcentaxe de axuda para esa nota, etc.

3. Seguimento dos proxectos

1. Mecanismos para identificar debilidades ou riscos durante á execución dos proxectos.

4. Procedementos/mecanismos para unha boa xestión financeira e para evitar o conflito de intereses

1.Describir os procedementos ou mecanismos que se seguirán para acadar os principios de economía, eficiencia e eficacia na xestión do orzamento.

2.Describir os procedementos ou mecanismos que se seguirán para evitar o conflito de intereses.

9. DISPOSICIÓNS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

1. Indicadores de seguimento e avaliación

1. Construírse o cadro de indicadores produtivos , de resultados, e impacto (se corresponden) en función da xerarquía do plan de acción. Os indicadores desagregaranse por sexo e mocidade, de ser o caso.

Obxectivos estratéxicos	Obxectivos específicos	Liñas de Actuación	Medidas	Nome indicador	Período	Resultado final esperado
1.	1.1	1.1.1	1.1.1.1			
			1.1.1.2			
		1.1.2	1.1.2.1			
			1.1.2.2			



2. Plan de seguimento

1. Consignar as fases a realizar no seguimento do Plan, os órganos encargados (vincular co plan de participación) e o cronograma de actuacións. Revisión de indicadores. Incluirase a dimensión de xénero.

--

3. Avaliacións intermedia e final

1. Consignar as avaliacións a realizar de carácter intermedio e final, indicando a periodicidade. Terase como referencia información cualitativa e cuantitativa (cadro de indicadores). Incluirase a dimensión de xénero.

--

10. PLAN DE PARTICIPACIÓN

1. Directorio de entidades e recursos

1. O directorio de entidades e recursos é unha ferramenta interna do GALP para incorporar axentes no plan de participación de elaboración da estratexia. Non ten porque reflectirse no documento e pode revestir a forma de base de datos. Debe conter información de contacto das entidades, actividades, servizos e recursos dos que dispón, sobre todo para apoiar o Plan de participación

--

2. Proceso de participación na elaboración da estratexia

1. Realizarase unha memoria do proceso de participación realizado para a elaboración da estratexia, atendendo á fase de diagnóstico e a de deseño do plan de actuación. A participación será real e demostrable, non se poderá reducir a unha simple información ou consulta, senón que incluírá unha participación activa da comunidade, aberta a todos os sectores públicos e privados do territorio. Identificaranse os axentes que participaron, os espazos de traballo e os soportes ou medios empregados. Poderase apoiar o proceso con información de carácter gráfico ou un dossier con novas.

--



3. Proceso de participación no seguimento e aplicación da estratexia

1. Diseñarase o procedemento a seguir (órganos e espazos de participación) para efectuar o seguimento e a avaliación da estratexia. O apartado irá en consonancia coas disposicións de seguimento e avaliación. Poderase ilustrar o proceso mediante un fluxograma.

--

2. Ademais, elaborarse un resumo seguindo o esquema seguinte:

Tipo de acción desenvolvida (consulta, reunión....	Lugar e data de realización	Quen a promoveu	Como se difundiu a convocatoria	Nº e tipo de participantes	Obxectivo da acción	Conclusións, acordos....

11. PLAN DE COMUNICACIÓN

1. Mapa estratéxico da EDLP

1. Realizarase un mapa da estratexia (figura) que conterá a estruturación da estratexia en base a: a misión, a visión, os valores, os obxectivos estratéxicos, os obxectivos específicos e os recursos cos que conta o GALP para a aplicación da estratexia.

--

2. Accións de comunicación para a divulgación do GALP e o programa de axudas

1. Descrición das principais orientacións que guiarán a estratexia de comunicación do GALP en relación ás accións de sensibilización e dinamización e o programa de axudas: obxectivos, público obxectivo, mensaxe, estratexia e accións a desenvolver, cronograma.

--

2. Descrición sucinta das principais accións a desenvolver para a difusión da estratexia, apoiándose no cadro de programación das accións de comunicación.

--

12. FONTES DE INFORMACIÓN

1. Identificación de fontes consultadas

1. Reflectir o conxunto de fontes documentais e bibliográficas que se empregaron para a súa elaboración, principalmente no diagnóstico.

--